

IX SAN SILVESTRE OURENSÁ

SSVOU'24

Martes, 31 de decembro de 2024

REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

O Club Ourense Atletismo e o Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organizan o sábado, 31 de decembro de 2024 a "IX Carreira Popular San Silvestre Ourensá".

2. PARTICIPANTES

Poderán participar nesta proba atletas populares e federados/as sempre que estean inscritos/as nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización.

3. CATEGORÍAS

Establécense as seguintes categorías:

- PITUFOS. Nados/as no ano 2017 e posteriores.
- SUB10. Nados/as nos anos 2015 e 2016.
- SUB12. Nados/as nos anos 2013 e 2014.
- SUB14. Nados/as nos anos 2011 e 2012.
- SUB16. Nados/as nos anos 2009 e 2010.
- SUB18. Nados/as nos anos 2007 e 2008.
- SUB20. Nados/as nos anos 2005 e 2006.
- SUB23. Nados/as nos anos 2002, 2003 e 2004.

- SÉNIOR. Nados/as nos anos 2001 e anteriores ata Máster.
- MÁSTER A. De 35 a 44 anos. B. De 45 a 54 anos. C. De 55 a 64 anos.
D. >65.
- ABSOLUTA.

4. HORARIO

HORA	CATEGORÍA	CIRCUÍTO	DISTANCIA
16:00	PITUFOS	Rúa do Paseo	100 m.
16:15	SUB10 – SUB12 – SUB14	1 Volta Pequena	1,25 Km.
16:30	ABSOLUTA	2 Voltas Grandes	5,00 Km.
17:15	PECHE CONTROL		

5. PERCORRIDO

5.1 Percorrido Carreira PITUFOS

A Carreira PITUFOS desenvolverase dende Rúa do Paseo, 1 ata a meta, sita na Rúa do Paseo (fronte a Subdelegación de Defensa), 100 m. aproximadamente.

Realizaranse quendas segundo a idade e asistencia dos/as participantes.

5.2 Percorrido Carreira SUB10 – SUB12 – SUB14

Rúa do Paseo (Subdelegación de Defensa) – Rúa Bedoya – Rúa Santo Domingo – Praza do Ferro – Rúa da Paz – Rúa das Tendas – Praza Maior – Rúa Lamas Carbajal – Rúa do Paseo.

5.3 Percorrido Carreira ABSOLUTA

O percorrido da Carreira ABSOLUTA transcorrerá por un circuito de 2,5 Km. aproximadamente ao que haberá que dar dúas voltas (5 Km. aproximadamente):

Rúa do Paseo (Subdelegación de Defensa)– Rúa Bedoya - Parque de San Lázaro - Rúa Sto. Domingo – Praza do Ferro – Rúa Viriato - Rúa da Lúa – Praza do Correxidor – Praza dos Suaves - Rúa Cardeal Cisneros – Praza do Trigo -Rúa Hernán Cortés – Rúa Julio Prieto Nespereira – Rúa Lugo - Rúa Vilar – Rúa PL. Herrería - Rúa Cervantes - Rúa Barreira – Praza Maior – Rúa Lamas Carbajal – Rúa do Paseo (Subdelegación de Defensa).

O Organizador poderá modificar os percorridos, parcial ou completamente, por motivos de seguridade ou por causa de forza maior.

6. INSCRICIÓNS

As inscricións realizaranse a través de <https://www.carreirasgalegas.com/> ata o 25 de decembro de 2024 ás 23:59 h.

Cota de inscrición só para os participantes na carreira Absoluta:

- Do 27 de novembro ao 08 de decembro de 2024: **5€**
- Do 9 ao 25 de decembro de 2024: **7€**

A organización poderá efectuar sorteos promocionais para fomentar a participación.

Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe.

7. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS

Os dorsais e chips serán entregados:

- **domingo 29** de **11:00 a 14:00** e de **17:00 a 20:00**.
- **luns 30** de **10:30 a 13:30** e de **16:30 a 20:30**.
- **martes 31** de **10:30 a 13:30** .

en **RUNMANIAK**, Rúa Samuel Eiján,9 - baixo – 32003 Ourense.

Non se entregarán dorsais e chips, na saída o día da proba.

Os/as deportistas terán que portar obrigatoriamente o dorsal no peito en todo momento, sen dobrar nin ocultar, ben visible.

8. XULGAMENTO DA COMPETICIÓN

A proba forma parte do calendario oficial da Federación Galega de Atletismo polo que estará cronometrada e controlada polo Comité Galego de Xuíces da FGA.

9. DESCUALIFICACIÓNS

Serán motivos de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal – chip visible por diante ou manipulalo, falsificar datos persoais e a suplantación de identidade.

Os Servizos Médicos, o Xuíz Árbitro da competición e o persoal de Organización, están facultados para retirar xustificadamente da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.

10. RECLAMACIÓNS

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao Xuíz Árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

11. SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS

Haberá servizo de ambulancia e médico para a atención.

Todas as persoas participantes estarán cubertas cunha póliza de Seguro de Responsabilidade Civil e dun Seguro de Accidentes.

É imprescindible estar inscrito/a para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes, que atenderá aos sinistros que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde este á orixe.

12. PREMIOS

12.1 Premio Carreira PITUFOS – SUB10 – SUB12 – SUB14

Medalla para todos/as os/as participantes da Categoría PITUFOS, SUB10, SUB12 e SUB14. Premio para os 3 primeiros homes e 3 primeiras mulleres das categorías Sub 10, Sub 12 e Sub 14.

12.2 Premio Carreira ABSOLUTA

Premio para os 3 primeiros homes e 3 primeiras mulleres da carreira ABSOLUTA.

Agasallo para os vencedores das diferentes categorías

13. NORMATIVA

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.

14. LOPD

Todos/as os/as corredores/as ao realizar a inscrición:

- Ceden os seus dereitos de imaxe á Organización e aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet de acordo coa Lei de Protección de Datos.
- Consentan expresamente que a compañía xestora do seguro de Accidentes ceda os seus datos para a tramitación ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow, 13 - 15008 A Coruña.